



Art Wars

Hugo Covelo



p

MOITAS COUSAS CAMBIARON ESTES ÚLTIMOS ANOS NO PANORAMA ARTÍSTICO GALEGO. DESDE HAI MÁIS DE 10 ANOS A FACUL-
TAD E DE BELAS ARTES DE PONTEVEDRA XERA CADA ANO UNHA NOVA FORNADA DE ARTISTAS. ¿COMO AFRONTAN ESTA SITU-
ACIÓN OS ARTISTAS GALEGOS DE SEMPRE? ¿E COMO SE LEVAN AS NOVAS XERACIÓNS COS VETERANOS? ¿EXISTEN FRICCIÓNS?
¿HAI BO OU MAL ROLIÑO? VELLA GARDA CONTRA BELAS ARTES: ¿QUEN GAÑARÁ?

ART WARS

VELLA GARDA

VS.

OS NOVOS CACHORROS



EU, A ESTES RAPACES DE BELAS ARTES NON OS ENTENDO. DANSE UNS AIRES... E FIXASTE, E NON SABEN NIN PINTAR, NIN DEBUXAR E CANDO PINTAN DEDICANSE A ESBORRANCHAR AS PAREDES ¡¡ISO NON É PINTURA, NIN É NADA, HOME!!

CHENCHO LEMOS
55 ANOS, PINTOR



¡POR FAVOR! CREN QUE A ARTE MORREU CO IMPRESIONISMO. ¿PÓDELO CRER? SON TODOS UNHA PANDA DE CARCAS ANACRÓNICAS QUE VIVEN NO PASADO ENCERRADOS NAS SUÁS BUFARDAS E NAS SUÁS GALERIAS.

BETTY PORTAS, 25 ANOS
LICENCIADA EN BELAS ARTES
E ARTISTA MULTIMEDIA



E ESAS COUSAS RARAS QUE FAN, EH? AGORA XA NON CHE PINTAN CADROS, PORQUE NON SABEN. AGORA FAN COUSAS COMO AS "PERFORMANS" ESAS QUE SE ISPEN, SE EMBADURNAN E BAILAN E ASÍ. E SI, VALE, POÑAMOS QUE FAS UNHA "PERFORMANS", PERO IMOS VER... "ISO", TI COMO COLLES E O LEVAS A UNHA GALERÍA? ¿COMO LLO VENDES A ALGUÉN?



¡NON SABEN NIN ACENDER UN ORDENADOR! NON SE DECATAN DE NADA, NIN DO QUE SE LEVA, NIN DAS ÚLTIMAS TENDENCIAS, NIN DOS AVANCES TECNOLÓXICOS. SON UN PEÑAZO, COS, SEUS CADROS DE DORNAS, AS SUÁS MARÍNAS, OS SEUS HORREOS, OS SEUS CRUCEIROS... NON TEÑEN O MÁIS MÍNIMO SENTIDO DO CONTEXTO HISTÓRICO NIN DO ZEITGEIST, TI XA ME ENTENDES.



E OUTRA COUSA: O ORDENADOR... ESTES FANO TODO CON ORDENADOR. ¿EH? ¿QUE CHE PARECE? TOCAN CATRO BOTONS E XA CREN QUE SON ARTISTAS.

MOITOS ESTUDOS E MOITA HISTORIA, PERO SEN A MAQUINITA NON SON NADA ESES LISTIÑOS.



¿COMO SE PÓDE SER TAN RETROGRADO? A MOITOS DELES LLES FÁLALLES DE DUCHAMP... ¡ E PENSAN QUE É UNHA MARCA DE XAMPU! E ENTÓN MIRANTE POR ENCIMA DO OMBRO PORQUE NON PINTAS O ÓLEO. ¡POIS CLARO QUE NON PINTO O ÓLEO, NON SON UNHA CARCA COMA TI, TIO! ¡FALTARÍA MÁIS!





¿COMO ME VAS COMPARAR UNHA PAXINA WEB CUN CADRO? ¡HOME, POR FAVOR! QUE EU ESTIVEN EN MONTPARNASSE, TÍO. ¿TI IMAXINAS A, NON SEI, PICASSO FACENDO UNHA PAXINA WEB? PORQUE, A TODO ISTO: ¿QUE ÇONA É UNHA PAXINA WEB?



NON SE DECATAN, SON UNS RETRÓGRADOS, QUE SE PINTURA, QUE SE TALLA EN PEDRA, QUE SE BRONCE, COMO SE ESTIVÉSEMOS NO SÉCULO XIX. COMO SE NON EXISTISEN DUCHAMP, OU BEUYS, NIN O MINIMALISMO, O LAND ART OU O CONCEPTUAL ART EN FIN... XA ME ENTENDES.



E A ARTE "CONCETUAL", ESA, QUE LLES GUSTA TANTO, QUE É FACER ARTE SEN DAR UN PAU A AUGA, SO DÁ DÁNDOLLE Á BOQUINA, QUE CONTO NON LLES FALTA OS RAPACES, NON.



HOXE EN DÍA HAI QUE SER MULTI-DISCIPLINAR, INTERTEXTUAL, EXTRATERRITORIAL, POLI-SÉMICO, POLIÉDRICO, MULTIÉTNICO, MULTIMEDIA E POLITÉCNICO, XA SABES. QUE APRENDA A DEBUXAR, DIN, COMO SE EU FOSE UN "CURRELA".



CLARO QUE TAMPOUCO TENEN TODA A CULPA, ALOUMINÁMOLOS. NUNCA CORRERON DIANTE DOS "GRISES". ENCHÉLLEMOS DE "PLAIESTEIXONS", "DEUVEDÉS" E TODA A PESCA.

E, CLARO, ASÍ NOS PINTA O PELO.



CLARO QUE TAMPOUCO É CULPA SÚA, OU SEXA, VENEN OUTRA EDUCACIÓN, OUTRA ÉPOCA, A DITADURA, E... ¿COMO SE CHAMABA ESE SENOR DE BIGOTE? FRANCO ¿NON? POIS ISO.

PERO, MIRA:
¿SABES O QUE CHE DIGO?
QUE TODO ISTO NON É MAÍS
QUE UNHA MODA. XA SE LLES
PASARÁ, XA ESPELIRAN.
DIGOCHO EU,
HOME.



ENTRE NÓS,
XA ESPELIRAN, POR
LA CONTA QUE LLES TRAE.
OS TEMPOS CAMBIARON
É HORA DE QUE GALICIA
ENTRE NO
S. XXI.



EN FIN, PACIENCIA.
ALGUN DÍA PASARACHE
A PARVADA, ANANA.

NON PASA NADA,
XA TE CAMBIAREI EU,
LADRÓN.



HUGO COVELO 2007

VAIA, VAIA: A PESAR DAS APARENCIAS, A CONVIVENCIA ENTRE OS ARTISTAS "DE TODA A VIDA" E OS CACHORROS DE BELAS ARTES NON SÓ É POSIBLE, ESTÁ ASEGURADA. O PANORAMA ARTÍSTICO GALEGO AFRONTA O SEU FUTURO CON RENOVADO OPTIMISMO NUN CLIMA DE CONCORDIA, ENTENDEMENTO E POR QUE NON... AMOR!! ¡ALEGRÉMONOS TODOS! ¡VIVA O AMOR!

FIN

